# ITINERARIOS ACADÉMICOS

D.O. CPI MANUEL SUÁREZ MARQUIER

CURSO: 2019-20




CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# PUNTOS A TRATAR:

1. Condicións para a promoción e a repetición de curso na ESO.
2. Criterios de Titulación
3. Cualificación final da Etapa na ESO.
4. Consello Orientador
5. Que estudar despois de 4º da ESO?
6. O Bacharelato. Características.
7. Itinerarios en 1º e 2º de Bacharelato
8. Estudos Universitarios
9. Requisitos de Acceso e Criterios de Admisión á Universidade
10. Probas ABAU
11. A Formación Profesional
12. Ensinanzas de Réxime Especial e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado
13. Premios Extraordinarios na ESO e Bacharelato
14. Becas MEC
15. Centros Residenciais Docentes




CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 1.- CONDICIÓNS PARA A PROMOCIÓN E A REPETICIÓN DE CURSO NA ESO:

- ✓ Poderase repetir o mesmo curso 1 soa vez e 2 veces como máximo ao longo da Etapa.
- ✓ Poderase permanecer no réxime ordinario cursando a ESO ata os 19 anos de idade.
- ✓ Excepcionalmente un alumno/a poderá repetir unha 2ª vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da Etapa.
- ✓ A decisión de promoción do alumnado, dun curso a outro, dentro da mesma Etapa, será adoptada de xeito colexiado polo conxunto do profesorado, atendendo ao logro dos obxectivos da Etapa e ao grao de adquisición das competencias correspondentes.
- ✓ O alumnado pasará de curso no caso de que superen todas as materias cursadas ou de ter unha avaliación negativa en 2 materias como máximo. Repetirá curso cando teña unha avaliación negativa en 3 ou máis materias, ou en 2 materias que sexan simultaneamente: Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-

# 2.- CRITERIOS DE TITULACIÓN:

Todas as materias superadas

Necesaria a avaliación positiva en todas as materias de todos os cursos

Titular con 1 ou 2 materias suspensas

- ✓ Na avaliación extraordinaria (setembro)

Sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Lit. + Matemáticas ou Lingua Galega e Lit. + Matemáticas.

- ✓ As materias coa mesma denominación de diferentes cursos considéranse materias diferentes
- ✓ O Equipo docente debe considerar que o alumno/a ten acadados os obxectivos da Etapa e adquiridas as Competencias correspondentes.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 3.-CUALIFICACIÓN FINAL DA ETAPA DA ESO:

| | |
|---|---|
| **CÁLCULO DA NOTA MEDIA** | A nota Media da Etapa, será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das Materias cursadas na Etapa, expresada nunha escala do 1 ao 10 con 2 cifras decimais. |
| **NON PRESENTADO EN SETEMBRO** | A situación de NON PRESENTADO na avaliación extraordinaria equivale á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria. |
| **MATRÍCULA DE HONRA** | O alumnado que despois da Avaliación ordinaria de xuño de 4º curso, obtivera unha media da Etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH).<br>Distinción que se concederá a un nº non superior ao 5% ou fracción resultante superior a 15 do conxunto do alumnado matriculado no Centro educativo no 4º curso. |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 4.-CONSELLO ORIENTADOR:

Ao final da Etapa, entregaráselle aos pais/nais de cada alumn@ o Consello Orientador……………

Que incluirá unha proposta do itinerario máis axeitado a seguir e o informe do logro dos obxectivos da Etapa e da adquisición das Competencias Clave correspondentes.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 5.- QUE ESTUDAR DESPOIS DE 4º DA ESO?




CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 6.- O BACHARELATO: CARACTERÍSTICAS

| | |
|---|---|
| **ACCESO** | Co Título da ESO, preferentemente itinerario de Ensinanzas Académicas. |
| **MODALIDADES** | Ciencias, Humanidades e CC. Sociais e Artes (Escénicas ou Plásticas) |
| RÉXIMES E MODALIDADES | • Ordinario (presencial)<br>• Adultos (presencial ou a distancia) |
| TIPOS DE MATERIAS | • Troncais: 4 materias xerais e 2 materias de opción<br>• Específicas: EF (1º) e 2 ou 3.<br>• Libre Configuración: Obrigatoria (LGL) autonómicas e propias de Centro ou Reforzo. |
| PROMOCIÓN, REPETICIÓN E AVALIACIÓN | • Repetición con máis de 2 materias suspensas.<br>• Ao promocionar con suspensas hai que recuperalas<br>• En 2º poderase repetir só coas suspensas ou facer o curso enteiro.<br>• Só se poderá permanecer nesta Etapa durante 4 cursos (repetir cada curso 1 soa vez) |
| TITULACIÓN | • Superando todas as materias.<br>• A nota media será a media de todas as materias cursadas no Bacharelato. |
| SAÍDAS | • Graos Universitarios (previa superación da proba de acceso- ABAU).<br>• Ciclos Formativos de Grao Superior de FP.<br>• Estudos Superiores de Ensinanzas de Réxime Especial e Ensinanzas Deportivas. |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 7.- ITINERARIOS DE 1º BACHARELATO:

## ITINERARIOS DE 1° BACHARELATO LOMCE

| CIENCIAS | HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS | | ARTES |
|---|---|---|---|
| **CATTRO MATERIAS TRONCAIS XERAIS** | | | |
| | Itinerario de Ciencias Sociais | Itinerario de Humanidades | |
| 1) Filosofía (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura I (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira I (3h)<br>4) Matemáticas I (4h) | 1) Filosofía (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura I (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira I (3h)<br>4) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I (4h) | 1) Filosofía (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura I (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira I (3h)<br>4) Latin I (4h) | 1) Filosofía (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura I (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira I(3h)<br>4) Fundamentos da Arte I (4h) |
| **UNHA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA OBRIGATORIA** | | | |
| Lingua Galega e Literatura I (3h) | | | |
| **UNHA MATERIA ESPECÍFICA OBRIGATORIA** | | | |
| Educación Física (2h) | | | |
| **DÚAS MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN. ELIXIR 2** | | | |
| 1) Bioloxía e Xeoloxía (4h)<br>2) Debuxo Técnico I (4h)<br>3) Física e Química (4h) | 1) Economía (4h)<br>2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h)<br>3) Grego I (4h)<br>4) Literatura Universal (4h) | 1) Economía (4h)<br>2) Historia do Mundo Contemporáneo (4h)<br>3) Grego I (4h)<br>4) Literatura Universal (4h) | 1) Cultura Audiovisual I (4h)<br>2) Historia do mundo contemporáneo (4h)<br>3) Literatura Universal (4h) |
| **MATERIAS ESPECÍFICAS. CURSAR UN TOTAL DE 6 HORAS** | | | |

**Cursar entre 2 e 3 materias**

1) Análise Musical I (3h)
2) Anatomía aplicada (3h)
3) Cultura Científica (2h)
4) Debuxo Artístico I (3h)
5) Linguaxe e Práctica Musical (3h)
6) Segunda Lingua Estranxeira I (2h)
7) Tecnoloxía Industrial I (3h)
8) Tecnoloxías da información e a comunicación I (2h)
9) Volume (3h)
10) Relixión (1h)
11) Materia troncal de opción non cursada (4h)
12) Materia de libre configuración autonómica (2h)
13) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilidade do centro).

**Materias de Libre Configuración autonómica:**

- Antropoloxía (2h)
- Literaturas Hispánicas (2h)
- Robótica (2h)

*TOTAL: 32 horas lectivas*

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# ITINERARIOS DE 2º BACHARELATO:

## ITINERARIOS DE 2º BACHARELATO LOMCE

| CIENCIAS | HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS | | ARTES |
|---|---|---|---|
| **CATRO MATERIAS TRONCAIS XERAIS** | | | |
| | Itinerario de Ciencias Sociais | Itinerario de Humanidades | |
| 1) Historia de España (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura II (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira II (3h)<br>4) Matemáticas II (4h) | 1) Historia de España (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura II (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira II (3h)<br>4) Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II (4h) | 1) Historia de España (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura II (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira II (3h)<br>4) Latín II (4h) | 1) Historia de España (3h)<br>2) Lingua Castelá e literatura II (3h)<br>3) Primeira Lingua estranxeira II (3h)<br>4) Fundamentos da Arte II (4h) |
| **UNHA MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA OBRIGATORIA** | | | |
| Lingua galega e literatura II (3h) | | | |
| **DÚAS MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN. ELIXIR 2** | | | |
| 1) Bioloxía (4h)<br>2) Debuxo Técnico II (4h)<br>3) Física (4h)<br>4) Química (4h)<br>5) Xeoloxía (4h) | 1) Economía da Empresa (4h)<br>2) Xeografía (4h)<br>3) Grego II (4h)<br>4) Historia da Arte (4h)<br>5) *Materia obrigatoria: Historia da Filosofía (4h).* | 1) Economía da Empresa (4h)<br>2) Xeografía (4h)<br>3) Grego II (4h)<br>4) Historia da Arte (4h)<br>5) *Materia Obrigatoria: Historia da Filosofía (4h)* | 1) Cultura Audiovisual II (4h)<br>2) Artes Escénicas (4h)<br>3) Deseño (4h) |
| **MATERIAS ESPECÍFICAS. CURSAR UN TOTAL DE 8 HORAS** | | | |

**Cursar entre 2 e 3 materias**

1) Historia da Filosofía (4h). Materia de oferta obrigada.
2) Análise Musical II (3h)
3) Ciencias da Terra e do Medioambiente (3h)
4) Debuxo Artístico II (3h)
5) Fundamentos da Administración e Xestión (3h)
6) Historia da Música e da Danza (3h)
7) Imaxe e Son (3h)
8) Psicoloxía (3h)
9) Segunda Lingua Estranxeira II (3h)
10) Técnicas de Expresión Gráfico - Plástica (3h)
11) Tecnoloxía Industrial II (3h)
12) Tecnoloxías da información e a comunicación II (3h)
13) Relixión (1h)
14) Materia troncal de opción non cursada (4h)
15) Materia de libre configuración autonómica (2h)
16) Materia de afondamento e/ou reforzo ou materia de LC propia do centro. O reforzo ou afondamento poderá ir a calquera materia. (Nº de Horas según disponibilidade do centro)

**Materias de Libre Configuración autonómica:**

- Electrotecnia (2h)
- Ética e Filosfía do Dereito (2h)
- Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía (2h)
- Métodos Estatísticos e Numéricos (2h)
- Historia e Xeografía de Galicia (2h)
- Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia (2h)
- Literatura Galega do S. XX e da actualidade (2h)

*TOTAL: 32 horas lectivas*

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 8.- ESTUDOS UNIVERSITARIOS:

UNIVERSIDADE DE VIGO

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CPI Manuel Suarez Marquier 19-2

# ESTRUTURA DOS ESTUDOS SUPERIORES BASEADO NO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR:

**Ensinanzas de Posgrao**

**3º Ciclo:**
- Titulo de Doutor
- Actividades dirixidas á formación investigadora + Fase de Doutoramento.
- Formación avanzada en técnicas de investigación

**2º Ciclo:**
- Titulo de Máster
- Entre 60-120 créditos ECTS
- Traballo ou Proxecto de Máster
- Formación avanzada.
- Especialización académica ou profesional ou inicio en tarefas investigadoras.

**Ensinanzas de Grao**

**1º Ciclo:**
- Titulo de Grao correspondente.
- 240 créditos ECTS (60 créditos por curso).
- Traballo ou Proxecto de Grao.
- Formación de carácter xeral e de capacitación para o exercicio profesional.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# RAMAS DE COÑECEMENTO UNIVERSITARIO



# ADSCRICIÓN ÁS RAMAS DE COÑECEMENTO UNIVERSITARIO




CPI Manue Marquier 19-2

# EXISTE UNHA ESTREITA RELACIÓN ENTRE AS MODALIDADES DE BACHARELATO E AS RAMAS DE COÑECEMENTO UNIVERSITARIO:

## Modalidades de Bacharelato

**ARTES:**

- Plásticas, Imaxe e Deseño
- Escénicas, Música e Danza

**HUMANIDADES E CC. SOCIAIS**

**CIENCIAS**

## Ramas de Coñecemento

- ARTES E HUMANIDADES
- CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS
- CIENCIAS
- CIENCIAS DA SAÚDE
- ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# GRAOS UNIVERSITARIOS

## RAMA CIENCIAS:

- CC. Ambientais
- CC . do Mar
- Química
- Bioloxía
- Biotecnoloxía
- Física
- Matemáticas………….

Acceso preferentemente polo Bacharelato de Ciencias con materias como:

- Matemáticas
- Física e Química
- Bioloxía e Xeoloxía

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# GRAOS UNIVERSITARIOS

## RAMA CIENCIAS DA SAÚDE:

- Medicina
- Enfermería
- Odontoloxía
- Psicoloxía
- Podoloxía
- Nutrición e Dietética
- Farmacia
- Terapia Ocupacional
- Veterinaria
- Logopedia
- Óptica e Optometría
- Fisioterapia…………..

Acceso preferentemente polo Bacharelato de Ciencias con materias como:

- Matemáticas
- Física e Química
- Bioloxía e Xeoloxía

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# GRAOS UNIVERSITARIOS

## RAMA ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA

- Arquitectura Técnica
- CC. e Enxeñaría de Datos
- Paisaxe
- Robótica
- Tecnoloxía de Enxeñería Civil
- Enxeñerías: Informática, Mecánica, Forestal, Eléctrica, Agraria, Aeroespacial, Biomédica, Civil, da Enerxía, Mecánica, Química, Tecnoloxías de Telecomunicación, Electrónica Industrial e Automática, da Edificación, Eléctrica, Industrias Agroalimentarias, Obras Públicas, Mariña…………

Acceso preferentemente polo Bacharelato de Ciencias con materias como:

- Matemáticas
- Física e Química
- Debuxo Técnico

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# GRAOS UNIVERSITARIOS

## RAMA CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

- Dereito + ADE / Dereito
- CC. Da Actividade Física e do Deporte
- CC. Empresariais
- Comunicación Audiovisual
- Comercio
- Economía
- Educación: Infantil, Primaria, Social
- Pedagoxía
- Publicidade e Relacións Públicas
- Socioloxía
- Traballo Social
- Turismo
- Xornalismo……

Acceso preferentemente polo Bacharelato de Ciencias Sociais con materias como:

- Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais.
- Economía
- Historia do mundo Contemporáneo.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# GRAOS UNIVERSITARIOS

## RAMA DE ARTE E HUMANIDADES

- Belas Artes
- Filoloxía Clásica
- Filosofía
- Historia
- Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Historia da Arte
- Información e Documentación
- Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios.
- Lingua e Literatura Española
- Lingua e Literatura Galega
- Linguas Estranxeiras
- Tradución e Interpretación
- Xeografía e Historia
- Xestión Dixital da Información e Documentación.

Acceso preferentemente polo Bacharelato de Humanidades con materias como:

- Latín
- Grego
- Literatura Universal

Acceso preferentemente por Bacharelato de Artes con materias como:

- Fundamentos da Arte
- Cultura Audiovisual

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 9.-REQUISITOS DE ACCESO E CRITERIOS DE ADMISIÓN Á UNIVERSIDADE

**DESDE O BACHARELATO:**

- Acceso non directo
- Superación da parte obrigatoria de ABAU
- Nota Media de Bacharelato + Nota Media de ABAU
- Cualificacións obtidas en materias concretas da parte voluntaria de ABAU, só se as materias son ponderables para a titulación (0,1 – 0,2)

**DESDE FP DE GRAO SUPERIOR, FP DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, ENSINANZAS DEPORTIVAS SUPERIORES**

- Acceso directo a calquera Grao
- Nota Media do Ciclo de todos os Módulos (agás nos Módulos de FCT e Proxecto).
- Adscrición dos Títulos á Rama de coñecemento universitario (só no caso de empate)
- Cualificacións obtidas en materias concretas da parte voluntaria de ABAU (so en materias ponderables para a Titulación).

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 10.- A PROBA DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

**Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)**

Ao rematar o Bach, para acceder á Universidade, haberá que realizar unha proba de Avaliación sobre as materias do 2º curso de Bach.

A ABAU é obrigatoria só para os titulados de Bacharelato.
Os titulados en Ciclos de FP de Grao Superior, poderán presentarse á parte voluntaria da ABAU para poder mellorar a nota de admisión na Universidade.

Para presentarse a esta proba, hai que superar todas as materias do Bacharelato ou posuír o Título de Técnico Superior en FP.

Os que non superen estas probas ou desexen mellorar a nota, poderán presentarse en sucesivas convocatorias. Celebraranse 2 convocatorias anuais (ordinaria e a extraordinaria nos meses de xuño e xullo)

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# MATERIAS OBXECTO DE EXAME NA ABAU

## PARTE OBRIGATORIA

- Primeira Lingua Estranxeira II
- Lingua Castelá e Literatura II
- Lingua Galega e Literatura II
- Historia de España
- Materia troncal xeral vinculada á Modalidade de Bacharelato que cursou:

✓ *Matemáticas II*
✓ *Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II*
✓ *Latín II*
✓ *Fundamentos da Arte II*

## PARTE VOLUNTARIA

- Un máximo de 4 materias troncais xerais de opción:

✓ *Artes Escénicas, Bioloxía, Cultura Audiovisual II, Debuxo Técnico II, Deseño, Economía da Empresa, Física, Grego II, Historia da Arte, Historia da Filosofía, Química, Xeoloxía, Xeografía, Segunda Lingua Estranxeira II.*

Tamén se poderá escoller materias troncais xerais doutras modalidades:

✓ *Matemáticas II*
✓ *Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II*
✓ *Latín II*
✓ *Fundamentos da Arte II*

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# A PROBA DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE

**Nota de Admisión**

**Nota da parte Obrigatoria ABAU**

Media de todos os exames. É preciso superala para acceder á Universidade.
Con esta nota calcularase a nota de Acceso á Universidade.

**CÁLCULO:**
Calculase a nota Media de Bacharelato e multiplícase por 0´6 + Nota da parte Obrigatoria multiplicada por 0´4 = NOTA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE.

**Nota da parte Voluntaria ABAU**

Das 4 materias que como máximo se poden presentar, valoraranse só as 2 mellores notas e multiplicarase polo parámetro de ponderación correspondente ao Grao Universitario ao que desexe acceder (0,1 ou 0,2)

ponderacións2019-2020.pdf

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# O CÁLCULO FARASE DO SEGUINTE XEITO:

NOTA MEDIA DE BACHARELATO X 0´6

\+

NOTA MEDIA DA PARTE OBRIGATORIA DA ABAU X 0´4

→ Nota de Acceso

\+

NOTA DA PARTE VOLUNTARIA DA ABAU

Materia 1 X 0´2 ou 0´1

\+

Materia 2 X 0´2 ou 0´1

→ Nota de Admisión

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 11.- A FORMACIÓN PROFESIONAL

## CARACTERÍSTICAS

- Os Ciclos Formativos organízanse en Familias Profesionais.
- Dentro de cada Familia Profesional ofértanse:
  - ✓ *Ciclos Formativos de Grao Básico ( FPB)*
  - ✓ *Ciclos Formativos de Grao Medio*
  - ✓ *Ciclos Formativos de Grao Superior*
- Os contidos organízanse en Módulos Profesionais que estarán constituídos por áreas teórico-prácticas de coñecemento en función das Competencias profesionais.
- Os Módulos estarán asociados a Unidades de Competencia do CNCP.
- En FPB terán tamén Módulos Asociados a bloques comúns:
  - ✓ *Módulo de Comunicación e Sociedade I e II*
  - ✓ *Módulo de Ciencias Aplicadas I e II*

## RÉXIMES E MODALIDADES PARA CURSAR F.P.

**RÉXIME ORDINARIO**

→ Curso completo. Asistencia obrigatoria diaria en horario diúrno. Duración 2000 horas (2 cursos)

**RÉXIME DE ADULTOS**

→ Modalidade a distancia. Preparación titorizada on-line.

→ Modalidade semipresencial

→ Modalidade presencial. Asistencia diaria.

→ Modalidade Dual. Alterna a formación no centro educativo coa formación na empresa.

→ Dobre Grao Dual. Integra a formación de 2 ciclos afíns en 3 cursos.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# ACCESO Á FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA

| | ACCESO DIRECTO | PROBA DE ACCESO | SAÍDAS |
|---|---|---|---|
| **CICLOS DE GRAO MEDIO** | Titulo da ESO ou equivalente | Ter 17 anos cumpridos no ano da proba | Obtense o Título de Técnico. Acceso ao mercado laboral. Acceso directo aos Ciclos de Grao Superior |
| **CICLOS DE GRAO SUPERIOR** | Titulo de Ciclo Medio de FP (*preferentemente da mesma familia profesional*). Titulo de Bach. Ou equivalente. | Ter 19 anos cumpridos no ano da proba | Obtense o Titulo de Técnico Superior. Acceso ao Mercado Laboral. Acceso directo aos Graos Universitarios. |

CPI Manuel Suárez Marquier 15-20

# REQUISITOS DE ACCESO A CICLOS MEDIOS DE FP

ESTAR EN POSESIÓN DALGÚN DESTES TÍTULOS:

- Título da ESO
- Título Profesional Básico (FPB)
- Título de Bacharelato
- Título de Técnico Superior de FP
- Título Universitario

- TER SUPERADA A PROBA DE ACCESO Á CMFP E QUE TEÑAN 17 ANOS, OU QUE OS FAGAN NO ANO NATURAL DA REALIZACIÓN DA PROBA.
- NON TER O TÍTULO QUE DÁ ACCESO DIRECTO ( ESO OU FPB)

**ESTRUTURA DA PROBA:**

- Parte sociolingüística: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, CC. Sociais.
- Parte Matemática: Matemáticas
- Parte Científico-Técnica: CC. Da Natureza e Tecnoloxía.

CPI Manuel Suárez Marquier

# REQUISITOS DE ACCESO A CICLOS SUPERIOR DE FP

ESTAR EN POSESIÓN DALGÚN DESTES TÍTULOS:

- Título de Bacharelato
- Título de Técnico de Formación Profesional
- Título de Técnico Superior de FP (doutra Familia Profesional)
- Título Universitario

- TER SUPERADA A PROBA DE ACCESO Á CSFP E TER 19 ANOS CUMPRIDOS NO ANO DA REALIZACIÓN DA PROBA, OU TER 18 ANOS E DISPÓR DUN TÍTULO RELACIONADO CO QUE SE DESEXA OBTER.

**ESTRUTURA DA PROBA:**

- Parte Común: Exámes de Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.
- Parte Específica: Organízase en 3 opcións en función das Familias Profesionais e os CF aos que posibilita o acceso. Débese elexir unha destas opcións, escollendo 2 materias de cada opción:

✓ **Opción A: Economía da Empresa, L. Extranxeira e Filosofía.**
✓ **Opción B: Debuxo Técnico, Tecnoloxía Industrial e Física.**
✓ **Opción C: CC. Da Terra e Ambientais, Química e Bioloxía.**

CPI Manuel Suárez Marquier

# PREFERENCIAS NO ACCESO A CICLOS SUPERIORES DE FP

**DESDE O BACHARELATO**

Terán prioridade os que cursaron unha determinada Modalidade de Bacharelato vinculante.

**DESDE UN CICLO MEDIO DE FP**

Os que soliciten praza nos CFGS por ter un Título de Técnico Medio, terán prioridade se cursaron previamente un Ciclo Medio da mesma Familia Profesional.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

- Actualmente existen en Galicia 23 Familias Profesionais con 124 Ciclos Formativos.
- Pódense descargar os folletos no seguinte enlace:

[http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp](http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp)




CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# DISTRIBUCIÓN DAS PRAZAS OFERTADAS PARA CICLOS MEDIOS DE FP

- **GRUPO A:** Acceso con Título da ESO. 70% prazas.
- **GRUPO B:** Acceso con FPB. 20% prazas.
- **GRUPO C:** Acceso mediante a proba de acceso. 10%

# DISTRIBUCIÓN DAS PRAZAS OFERTADAS EN FP

- A solicitude realizase vía web a través do enlace: www.edu.xunta.es/ciclosadmision
- Débese presentar unha única solicitude por Réxime e Grao.
- Para que o alumnado poida descubrir a súa vocación profesional pode consultar:

http://www.edu.xunta.gal/fp/php-webquest

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# TIPOS DE MÓDULOS PROFESIONAIS




CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

## PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN TÍTULOS DE TÉCNICO E TÉCNICO SUPERIOR

- Idade Mínima: 18 anos para Ciclos Formativos de Grao Medio e 20 anos para o acceso a Ciclos Formativos de Grao Superior.
- Ter experiencia laboral.
- Cumprir algún dos requisitos de acceso directo.

## ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS

- Idade Mínima = 18 anos
- Experiencia laboral

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# O MÓDULO DE FCT

- Realización de prácticas nunha empresa relacionada coa Familia Profesional do Ciclo cursado na Fase final do Ciclo.
- Duración (3 meses)
- Necesario superar todos os Módulos para acceder ás prácticas en empresa.
- Non é remunerado.
- Pódese convalidar de acreditar ter traballado polo menos un ano nun sector relacionado co Ciclo.
- Pódese beneficiar dunha bolsa de desprazamento.

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 12.-ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

| Ensinanzas de Idiomas | Ensinanzas Artísticas | | | Ensinanzas Deportivas |
|---|---|---|---|---|
| | Artes Plásticas e Deseño | Música e Danza | Arte Dramática | |
| **Nivel Básico**<br><br>**Nivel Intermedio**<br><br>**Nivel Avanzado** | **Ciclos Medios e Superiores** (ESO ou Bach + Proba Específica)<br>*( Escultura, Xoiaría, Gravado, Fotografía, Ilustración, Ebanistería, Dourado, Serigrafía)*<br><br>**Estudos Superiores de Deseño e Artes Plásticas** (Equiv. Grao univers.)<br>*( Gráfico, Produtos, Interiores, Moda)(Cerámica e Vidro).*<br><br>**Estudos Superiores de Conservación e Restauración de bens** | **Grao Elemental**<br>(4 anos). Pódese acceder entre os 8-14 anos de idade)<br><br>**Grao Profesional**<br>(6 anos.) Organízase en 1 grao de 6 cursos. Proba específica de acceso.<br><br>**Estudos Superiores**<br>(4 anos). Necesario Bach + Proba de Acceso. Equivalente a un Grao Universitario. | **Estudos Superiores** (Bach + Proba de Acceso)<br>(4 anos). Equivalente a un Grao Universitario.<br>*( Dirección de escena,Escenografía, Interpretación)* | **Grao Medio**<br>Titulo de ESO + superar a proba de carácter específico ou acreditar mérito deportivo.<br><br>**Grao Superior**<br>*(Especialidades de: Fútbol, Baloncesto, Balonmán, Atletismo, Fútbol Sala, Salvamento e Socorrismo, Mergullo, Vela, Piragüismo, Judo, Hípica, Montaña, Deportes de Inverno). )*<br>Dispoñer do Título de Técnico Deportivo da mesma modalidade deportiva. Poderase requirir a superación |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# ENSINANZAS DE IDIOMAS

| | |
|---|---|
| ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS | Centros Especializados no ensino de diferentes Linguas Estranxeiras e do Estado. |
| NIVEIS | Nivel Básico (A1, A2)<br>Nivel Intermedio (B1, B2)<br>Nivel Avanzado (C1, C2) |
| ACCESO | • 16 anos (14 anos para un idioma distinto do estudado na ESO).<br>• **Con Título da ESO:** Accedese directamente ao Nivel A2 da Primeira Lingua Estranxeira cursada.<br>• **Co Título de Bacharelato:** Accedese directamente ao Nivel Intermedio B1 |
| IDIOMAS | Alemán, Inglés, Portugués, Francés, Italiano, Árabe, Galego, Ruso, Chinés, Xaponés, Español para estranxeiros. |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# MÚSICA E DANZA

| | |
|---|---|
| CENTROS | Conservatorios (profesionais e superiores)<br>Escolas de Música- Grao Elemental (públicas e privadas) |
| GRAO ELEMENTAL | Duración: 4 anos<br>Idade mínima de acceso: 8 anos |
| GRAO PROFESIONAL | Duración: 6 anos<br>Acceso mediante proba de aptitudes.<br>O título permite incorporarse ao mundo laboral de bandas de música, como bailarín ou en escolas de Música ou Danza.<br>O alumnado que finalice o Grao Profesional obterá o Título de Bach. Se supera as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de Bach que elixa. |
| GRAO SUPERIOR | Duración: 4 cursos<br>Acceso mediante: Proba + Grao Profesional + Bach<br>Título equivalente a Graduado Universitario. |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Estúdanse en Escolas de Arte especializadas

↓

A Coruña: Pablo Picasso
Santiago: Mestre Mateo
Lugo: Ramón Falcón
Ourense: Antonio Faílde

Organízanse en Ciclos de Grao Medio e Superior

↓

Ciclos de Grao Medio (Acceso con Titulo da ESO + proba de aptitudes)

↓

Oferta de Ciclos Medios:

C.M. Procedementos de xoiería artística.
C.M. Serigrafía Artística

Ciclos de Grao Superior (acceso con Título de Bach de Artes/Bach. + Proba de aptitudes

↓

Oferta de Ciclos Superiores:

CS. Técnicas Escultóricas
CS. Xoiería Artística
CS. Dourado, Prateado e policromía
CS. Escultura aplicada ao espectáculo
CS. Fotografía
CS. Gravado e Técnicas de Estampaxe.
CS. Cerámica.
CS Ilustración.
CS. Ebanistería.

CPI Manuel Suárez Marquier

# OUTRAS ENSINANZAS SUPERIORES DE RÉXIME ESPACIAL (EQUIVALENTES A UN GRAO UNIVERSITARIO)

## Estudos Superiores de Deseño (en Escolas de Arte)

Deseño Gráfico
Deseño de Produtos
Deseño de Interiores
Deseño de Moda

Acceso mediante CS de Artes Plásticas ou proba + BACH.

## Conservación e Restauración de Bens Culturais (Pontevedra)

Formación para a conservación do Patrimonio Artístico: Escultura, Pintura, Arqueoloxía.

Acceso mediante CS de Artes Plásticas ou proba + BACH.

## Arte Dramática (Vigo)

Dirección de Escena de Dramaturxia.
Escenografía.
Interpretación.

Acceso mediante proba + BACH.

CPI Manuel Suárez Marquier

# ENSINANZAS TÉCNICO DEPORTIVAS

| | |
|---|---|
| FINALIDADE | Formación de adestradores deportivos, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva. |
| TÍTULOS | Fútbol, Fútbol Sala, Deportes de Inverno (esquí alpino, esquí de fondo, snowboard ), Deportes de Montaña e Escalada, Atletismo, Balonmán, Vela, Hípica, Mergullo, Judo, Salvamento, Piragüismo. |
| REQUISITOS DE ACCESO | GRAO MEDIO: ESO + Proba Específica<br>GRAO SUPERIOR: Bacharelato + Título de Técnico Medio |
| POSTOS DE TRABALLO | Adestramento de Equipos e deportistas, dirixir actividades no eido da saúde e do turismo deportivo. |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# ENSINANZAS TÉCNICO DEPORTIVAS

**GRAO MEDIO**

**Título de Técnico Deportivo nunha Especialidade Deportiva.**
**Dous Niveis:**
**Nivel I:** Iniciación Técnica e Táctica para programar, adestrar nunha fase inicial ou acompañar os xogadores na competición. Para participar na organización de competición  e actividades e colaborar como auxiliar dun adestrador de Nivel Superior.
**Nivel II:** Perfeccionamento técnico e táctico para programar, dirixir adestramentos, dirixir deportistas e os equipos, colaborar no desenvolvemento de competición como auxiliar dun Técnico Superior.

**GRAO SUPERIOR**

**Título de Técnico Superior Deportivo nunha Especialidade Deportiva.**
Capacita para dirixir e coordinar Técnicos Deportivos, planificar e dirixir adestramentos dos deportistas e dos equipos de alta competición, xestionar escolas deportivas…..
**Este Título dá acceso a Estudos Universitarios.**

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE

| CORPO | REQUISITOS DE ACCESO |
| --- | --- |
| Garda Civil (Escala de Cabos e Gardas) | Titulo da ESO ou Superior |
| Garda Civil (Oficial) | Cumprir os requisitos de acceso á Universidade |
| Escala Superior de Técnicos de Tráfico | Cumprir os requisitos de acceso á Universidade |
| Policía Local | Título de Bacharelato ou equivalente |
| Policía Nacional (Escala Básica) | Título de Bacharelato ou equivalente |
| Policía Nacional (Escala Executiva) | Título de Graduado Universitario |
| Inspector de Policía | Título de Graduado Universitario ou equiv. |
| Corpo Institucións Penitenciarias | Mínimo-Titulo de Bach.(escala de axudantes) |
| Bombeiro | Título da ESO ou Ciclo Medio de FP |
| Soldado profesional | Mínimo- Título da ESO |

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# 13.-PREMIOS EXTRAORDINARIOS- ESO E BACHARELATO

## ESO:

**REQUISITOS:** Acadar unha nota media da Etapa dun 9.
**DOTACIÓN:** 750€
**EXAMES:** Deberán examinarse das materias de: Lingua Castelá, Lingua Galega, 1ª Lingua estranxeira, Matemáticas, Xeografía e Historia, a materia xeral do bloque de materias troncais e 1 materia troncal de opción a escoller.
**SOLICITUDE:** Por vía electrónica ou en papel por Rexistro de comezos xuño ata xullo.

**DATAS DA PROBA:** En setembro

## BACHARELATO:

**REQUISITOS:** Acadar unha nota media da Etapa dun 8´75.
**DOTACIÓN:** 1000€
**EXAMES:** Deberán examinarse de: Comentario de texto, Inglés, 1 materia xeral troncal (Matemáticas, Mat. Aplicadas ás CC.SS, Latín, Fundamentos da Arte)
**SOLICITUDE:** Por vía electrónica ou en papel por Rexistro de finais de abril a finais de maio
**DATAS DA PROBA:** Finais de xuño

CPI Manuel Suárez Marquier 19-20

# 14.-BOLSAS MEC

- Axudas Económicas que o Goberno concede ao alumnado que realiza estudos Post-obrigatorios (sexan ou non universitarios)
- Calquera estudante poderá solicitar unha bolsa (on-line), con calquera idade, estea traballando ou non. Os prazos de solicitude poden variar dun ano a outro, aínda que normalmente para estudos non universitarios o prazo vai desde o 1 de agosto ata o 1 de outubro, e para os Estudos Universitarios do 1 de agosto ata o 15 de outubro.
- Requisitos Académicos: Ter aprobado un tanto por cento de materias ou Créditos ECTS do curso anterior.
- Requisitos Económicos: Non gañar máis diñeiro do estipulado nas marxes que establece o MEC.
- Como se solicita?: A solicitude preséntase mediante o formulario on-line a través da páx. Web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: https://www.educacionyfp.gob.es/educacion/mc/becas-generales/2019-2020/estudios-no-universitarios.html
 (aínda non se abriu o prazo para o curso 2020-21)
- Non se achegará ningunha documentación, xa que ao tramitala, as unidades encargadas, consultarán e obterán das Administracións correspondentes, todos os datos necesarios para verificar que se reúnen todos os requisitos xerais, económicos

CPI Manuel Suárez Marquier 19-2

# PARA QUE ESTUDOS SE PODE PEDIR BOLSA DO MEC?

- 1º e 2º de Bacharelato
- Formación Profesional de Grao Medio e Superior.
- Formación Profesional Básica
- Ensinanzas Artísticas Profesionais
- Ensinanzas Deportivas
- Estudos de Idiomas nas EOI
- Ensinanzas Artísticas Superiores
- Estudos Relixiosos Superiores
- Estudos Militares Superiores
- Cursos de preparación para as probas de Acceso a FP
- Estudos Universitarios de Grao e Máster
- **Non se conceden Bolsas para:** Estudos de Doutoramento, Estudos de Especialización, Títulos propios das Universidades.

CPI Manuel Suárez Marquier

# 15.-CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES (VIGO, A CORUÑA , OURENSE)




ais-docentes







# CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES (VIGO, A CORUÑA , OURENSE)

- SOLICITUDES: Poderanse tramitar nos Centros Residenciais docentes  ou na Sede electrónica: https://sede.xunta.gal
- Os prazos de subscrición comezan en xuño.
- Os prezos da praza adxudicada, variarán segundo a renda da familia. Unha praza poderá ser gratuíta ou bonificada en función da situación económica familiar, cuxo prezo oscilará entre 558 € e 2040€.
- Na Orde veñen as bases para solicitar praza:

CENTROS RESIDENCIAIS GALEGOS. ORDE.pdf

CPI Manuel Suarez Marquier